

CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS, LV
N.º 122, enero-diciembre (2009), pp. 9-31
ISSN 0210-847 X

ACHADO DUNHAS LOUSAS CON ARTE MEGALÍTICO EN FONTE TOURÓN (LALÍN, PONTEVEDRA)

FINDING OF GRAVESTONES WITH MEGALITHICAL ART IN FONTE TOURON (LALÍN, PONTEVEDRA)¹

ELENA CABREJAS DOMÍNGUEZ; PATRICIA MAÑANA -BORRAZÁS;
YOLANDA SEOANE- VEIGA

Laboratorio de Patrimonio, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento del CSIC

Resumo

No contexto dos traballos arqueolóxicos previos á execución dunha obra (unha liña eléctrica de media tensión), localizáronse unhas lousas con gravados na zona de Fonte Tourón, en Lalín. Trátase dunhas lousas que presentan uns gravados de estilo propio do megalitismo e que agora forman parte dos lindes das fincas nas que se atopan. As características destes gravados, sumado á propia forma das pedras, a un contexto onde se localizan outras mámoas e sobre todo, á información dos veciños que vinculan estas pedras cunha mámoa desfeita fai uns anos, apuntan a que formaron parte dun monumento megalítico, e que moi probablemente se trata dos esteos dunha cámara.

Palabras-Chave

Galicia, Lalín; Arte Megalítico; Arqueoloxía de Xestión; Calco; Documentación Xeométrica; Láser Escáner Terrestre.

Abstract

In an archaeological context before a works execution took place (an electric half tension line), some engraved gravestones were found around the area of Fonte Touron, Council of Lalín. These gravestones have engravings representative of megalithism and nowadays they became boundary markers of the yards in which they are. The features of the engravings, besides the very shape of the stones and the context where other mounds are located, and above everything, the information provided by local neighbors that relate the stones of this mound to one set apart some years ago, points that they were part of a megalithic monument, and it is highly probable that they were the orthostats of a chamber.

Keywords

Galicia; Lalín; Megalithic Art; Professional Archaeology; Tracing; Geometrical Documentation; Terrestrial Laser Scanner.

¹ Entregado o 20.03.2009

1. PRESENTACIÓN

O presente traballo dá conta da localización e documentación en detalle duns elemento singulares do Patrimonio Cultural, unhas lousas con arte megalítico das que destaca o que demos en chamar **Marco-lousa de Fonte Tourón**, por tratarse precisamente dunha lousa ou esteo pertencente a unha cámara megalítica que, trala recente destrución e desmantelamento do monumento, foi fincada e reempregada como marco de parcelación. A súa relevancia vén determinada polas características estéticas e morfolóxicas do elemento, no que destaca a súa boa factura e, especialmente, a existencia dunha serie de gravados singulares.

Sendo uns elementos pouco comúns e que se atopan nun grave perigo de destrución ou desaparición, procedeuse a unha documentación en detalle combinando varias técnicas de rexistro, con fotografías, calco e dixitalización xeométrica por medio de escáner láser terrestre.

2. CONTEXTO DO ACHÁDEGO E DOCUMENTACIÓN

O achado e documentación do Marco-lousa de Fonte Tourón produciuse no contexto da denominada arqueoloxía preventiva ou de xestión, é dicir, durante os traballos de prospección superficial previa á execución da *Liña de Media Tensión 20K Lamas II- Lamas I- LAL 809* (concellos de Lalín e Agolada), realizados por Elena Cabrejas Domínguez, Alberto Rodríguez Costas e Marta Tabarés Domínguez do Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (agora LaPa), entre xullo e setembro de 2005 e promovidos por ENEL UNIÓN FENOSA Renovables (CABREJAS, 2005). A finalidade destes traballos era avaliar o impacto que a construción do proxecto puidera xerar sobre o Patrimonio Cultural.

Previamente ao desenvolvemento do traballo de campo, levouse a cabo o estudo da documentación bibliográfica existente, co obxectivo de recopilar referencias a xacementos e achádegos producidos na zona que permitisen unha mellor caracterización do rexistro e unha axeitada planificación. Foron consultadas diversas fontes sobre as características e problemática patrimonial da zona de estudo e procedeuse á consulta do *Inventario de Xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* (daquela *Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia*) co fin de recabar a meirande cantidade de información arqueolóxica sobre a zona. Tamén se levou a cabo unha análise cartográfica e toponímica que facilitou a comprensión da paisaxe. Por último, foi realizada a consulta do Planeamento vixente nos concellos afectados

(Lalín, PXOM de febreiro de 1999 e Agolada, Normas Subsidiarias e Complementarias da Provincia) a fin de constatar a información contida nos mesmos e as figuras de protección que rexen sobre os elementos do Patrimonio Cultural.

Durante o desenvolvemento do traballo de campo, ademais da localización do elemento calificado por nós como Marco-lousa e dos restos da mámoa á que pertence, foron documentadas no seu entorno próximo outras dúas mámoas que confiren a esta zona o seu carácter de conxunto tumular, así coma outras lousas que pola súa factura e forma, poderían ser esteos dunha cámara megalítica. Ademais, durante a elaboración deste artigo, realizouse outra visita ao lugar co fin de completar a información que aquí presentamos, localizándose outra lousa máis que está tombada e que tamén presenta gravados na súa superficie, o cal foi comunicado puntualmente á *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia*.

Nin o denominado Marco-lousa nin o propio conxunto tumular ao que se vencella o elemento figuraban en ningún rexistro ou catalogación, permanecendo totalmente **inéditos** ata este momento.

3. O CONXUNTO TUMULAR DE CAMPO DO MATO

Na zona de traballo deste proxecto estaba xa documentada a presenza de varios *xacementos tumulares de adscrición neolítica* (4.500-2.500 a.C.). Nas proximidades do trazado da obrae, de N a S, atópanse a uns 1.600 metros ao E do trazado un conxunto tumular formado por sete mámoas (*GA36024017*), situadas ao N do núcleo de Alperíz, a uns 375 metros ao E do trazado da obra as *Mámoas de Veiga- As Mamuiñas I (GA36024018)* e *As Mamuiñas II (GA36024078)*, no camiño entre Alperiz e Carballeda, e ao final do tendido, a 215 metros ao W, a *Mámoa de Coto do Xilo (GA36024027)*, ubicada ao SW da aldea de Delaparte.

Porén, durante os traballos de avaliación arqueolóxica, foron documentados os seguintes elementos inéditos que forman parte dun pequeno conxunto tumular ubicado ao longo dunha dorsal en sentido N-S coñecida como *Campo do Mato ou Campo do Malato*. Trátase concretamente das mámoas de *Costa do Cruceiro*, de *Fonte Tourón* e de *Costa de Casares*. Moi próximos a estas entidades ubícase un *Camiño Real* que transita por unha sucesión de pequenas dorsais e espazos elevados de suaves pendentes, aproveitando deste xeito a vía de tránsito natural onde se atopa o conxunto tumular.




Figura 1. Localización do conxunto tumular de Campo do Mato no seu contexto local e comarcal, así coma a súa situación dentro das comarcas galegas (remarcada a Comarca do Deza).

• Mámoa de Costa do Cruceiro

Túmulo duns 33 m de diámetro e 2,10 m de altura, cun volume que destaca moito no entorno e que actualmente está cuberta dunha densa matogueira. Presenta unha violación central duns 3 m de diámetro, que alterou notablemente a superficie do xacemento.



Figura 2. Detalle da Mámoa de Costa do Cruceiro dende o S.

- **Marco - lousa e Mámoa de Fonte Tourón ou Campo do Mato**

O denominado **Marco - lousa** é unha laxe de granito de gran medio que na actualidade se atopa fincada no chan a xeito de marco e que, segundo informaron os veciños, procede da cámara dunha mámoa xa desmantelada pola intensa actividade agrícola, que estaría situada a uns 7 m ao S. A fracción visible da peza ten 1,14 m de altura, cun ancho entre 0,54 m e 0,80 m e un grosor bastante constante de 0,30 m. A forma da lousa é dun bloque rectangular, cunha das caras maiores case plana e a contraria máis convexa, e cunha das caras menores apuntada mentres que a contraria é plana. Este esteo resulta tremendamente significativo, tanto pola súa morfoloxía e boa factura, como por presentar unha serie de gravados moi representativos da arte megalítica. Trátase concretamente duns motivos xeométricos ubicados na cara maior e convexa da lousa. Son unhas liñas en forma de “V” paralelas que se atopan na parte superior do bloque, uns semicírculos adosados á liña en “V” inferior, máis outro centrado sobre as liñas en “V”, e finalmente unha liña ondulada ou serpentiforme baixo este conxunto. Os sucus teñen un ancho de entre 1-2 cm, sendo máis profundos as liñas en “V” e menos perceptibles os semicírculos baixo estes, incluso se percibe algún rebaixe máis que no calco rexistrouse coma liñas descontinuas.

En canto ao seu estado de conservación, a afección mais destacada é a rotura da parte superior do bloque, o que provocou a perda dunha parte do soporte e con ela

a perda dalgúns gravados. Ademais presenta unha grande cantidade de musgo e lique o cal lle está a provocar problemas de arenización² na parte inferior, que se poderían agravar a longo prazo.




Figura 3. Dúas imaxes do Marco-lousa tomadas en 2005 e 2009, a da dereita cos sucos remarcados dixitalmente en Photoshop.

Durante unha visita recente co fin de completar o rexistro deste elemento para a súa publicación, foron documentados outra serie de elementos que conforman e completan o xacemento.

² Pérdida, xeralmente inducida, de materia en forma de grans de area (CARRERA, 1996-97).




Figura 4. Arriba, vista xeral dende o N-NE dos elementos documentados que forman o xacemento, abaixo, situación sobre unha imaxe aérea.

Destaca a documentación dun grande esteo de granito de grao medio-fino de 2,50 m de lonxitude, un ancho que oscila entre os 78 cm e os 45 cm e un grosor duns 30 cm. Presenta dúas caras maiores, a visible máis ou menos plana e regular;

os laterais amosan nun caso unha sección plana que podería corresponderse cunha liña de fractura natural retocada, e no oposto, un perfil curvo e regular claramente traballado. Os extremos da parte superior e inferior da peza son irregulares, entre outras causas, a consecuencia da presenza dalgúns fracturas. A cara maior visible presenta un importante conxunto de gravados, nos que destaca como motivo os ondulados. Son concretamente un grupo de 5 ondulados, 2 maiores que superan os 70 cm de lonxitude e 3 máis pequenos duns 40 cm de lonxitude, dispostos en paralelo. Tamén están representados outros motivos coma unhas liñas rectas de menor lonxitude que os ondulados, das que as máis remarcadas están gravadas en paralelo e perpendiculares aos motivos ondulados. Ademais identificanse outras liñas que se dispoñen de maneira máis irregular, algunhas parece que forman un zig-zag, un paréntesis, etc. Os gravados concéntranse nunha das metades da superficie da peza, neste caso a metade orientada ao N.

Esta peza presenta pegadas de actividades extractivas, atravesando varias marcas de canteiro o panel gravado. Por outro lado, o feito de que estea exenta e tombada aumenta os riscos de desprazamentos e que lle provoquen danos.

En termos xerais en ámbalas dúas lousas os gravados presentan un bo estado de conservación que se manifesta nunha fácil lectura dos mesmos.



Figura 5. Imáxenes do esteo tombado con ondulados gravados e cós sucos remarcados dixitalmente en Photoshop.

Moi próximo ao Marco-lousa, e funcionando tamén como delimitador da mesma parcela, localízase outro fragmento dun bloque de pedra de semellantes características, dimensións e acabado ao Marco-lousa, no que se identificaron algúns gravados ondulados, e que posiblemente se corresponda co fragmento doutro esteo da mesma mámoa. Ademais, no perímetro da parcela localízanse tamén outros fragmentos de bloques que poderían ter formado parte do monumento.



Figura 6. Fragmento doutra lousa con gravados cos sucos remarcados dixitalmente en Photoshop.

- **Mámoa da Costa de Casares**

Túmulo duns 22 m de diámetro e 1,40 m de altura, bastante ben conservado a pesares da intensa actividade agrícola do seu entorno. Esta mámoa funciona como límite de parcelas, adicada parcialmente a prado e invadida en parte por vexetación arbustiva, polo que non é posible apreciar se presenta cono de violación, restos dunha posible coiraza ou algún outro tipo de estrutura.



Figura 7. Vista da Mámoa de Costa de Casares dende o SW

4. O MARCO-LOUSA DE FONTE TOURÓN: TRABALLO DE REXISTRO

En relación ao Marco-lousa de Fonte Tourón, o traballo arqueolóxico implicou inicialmente a correspondente documentación do elemento consistente no seu rexistro gráfico e fotográfico. Isto traducíuse na toma de coordenadas absolutas con tecnoloxía GPS, a ubicación na cartografía de obra, o cumprimento dunha serie de fichas de rexistro referentes á descrición, características do emprazamento, do seu estado de conservación, etc. (neste caso deseñadas e empregadas polo LPPP), a elaboración dun croquis, toma de fotografías, diagnose do impacto provocado polo proxecto e proposta de medidas de corrección dese impacto, e sistematización de todos estes datos para ser incluídos nun informe que foi remitido á empresa promotora e á *Dirección Xeral do Patrimonio Cultural*. Pero ademais deste tipo de traballo básico e habitual en calquera proxecto, a singularidade desta entidade arqueolóxica motivou a necesidade de realizar un rexistro máis completo e específico coa elaboración dun calco dos gravados e a documentación xeométrica tridimensional do elemento cun láser escáner terrestre.




Figura 8. Imaxe e croquis do Marco-lousa no momento da súa localización.

O calco sobre plástico foi realizado segundo o protocolo para a realización de calcos descrito en Y. SEOANE, (2005 e 2009). O primeiro paso consistiu na lectura dos gravados por medio de luz natural a distintas horas do día. Non se empregaron outros métodos alternativos tales coma a luz artificial ou o *frotage*³ dada a fácil lectura dos sucos. Unha vez identificadas tódalas figuras, os sucos foron pintados cunha pintura especial inocua⁴ co fin de facer máis visibles tódolos motivos e crear un contraste entre o suco e o soporte cara á realización do calco e das fotografías. Tras deste paso procedeu á colocación do plástico arredor dos esteos e ao perfilado das figuras con rotuladores indelebles empregando unha convención de diferenciación por medio de cor para distinguir as diferentes partes da rocha e do gravado; así mesmo marcouse a profundidade de tódolos sucos nunha escala do 1 ao 3, sendo o 1 o valor máis profundo, 2 o de profundidade media e 3 o de menor

³ Consiste na fricción de papel carbón sobre papel branco para reproducir o suco do gravado, quedando así o negativo dos motivos impreso no papel.

⁴ Empregáronse barras de pastel moídas. A súa composición é pigmento con creta e goma de tragacanto (sustancia xerada por unha planta da especie *astragalus*). Escolleuse esta pintura porque ofrece unhas condicións de permeabilidade e reversibilidade altas, presenta unha nula agresividade na rocha e crea un contraste óptimo co resto do superficie que se atopa sen gravar.

profundidade. Isto serviunos para advertir ao observador no calco final das diferenzas de profundidade, o que permite unha maior definición do panel.

Unha vez rematado o calco obtivemos unha folla plástica que, ao non poder ser manexada na súa escala orixinal, foi reducida a unha escala convinte mediante un escáner de alta resolución A0. Unha vez dixitalizado o plástico, procesouse a composición no programa Photoshop 7.0 obtendo o calco definitivo.




Figura 9. Calcos sobre plástico dos esteos de Fonte Tourón, o da esquerda é do chamado Marco-lousa e o da dereita é da peza que se atopa tombada. A diferenza de cor nos sucos advirte da súa diferenza nas profundidades, sendo os máis escuros os máis profundos.

Ademais, realizouse a documentación xeométrica de alta definición dunha destas pedras, o Marco-lousa, xa que no momento deste rexistro a outra lousa con gravados aínda non fora localizada. Empregamos para esta documentación un Láser Escáner Terrestre⁵, o HDS3000 de Leica, que permite a captura de datos cunha precisión milimétrica e a posibilidade de rexistro de datos cunha densidade máxima de un punto cada 2 mm. Co obxectivo de documentar o volume completo do Marco-lousa, estacionouse o láser escáner en 3 posicións complementarias, empregando unhas dianas de referencia para unir os distintos escaneados con grande precisión. Para intentar obter o rexistro dos gravados, a documentación da cara gravada fíxose á máxima resolución que permite o escáner.




Figura 10. Tres vistas da nube de puntos: á esquerda, a nube de puntos do Marco-lousa en escala de grises; no centro, coa imaxe dos gravados rectificadas; á dereita, a metade da nube de puntos visualizada a baixa densidade en AutoCAD.

Obtívose unha nube de puntos cuns 1,5 millóns de puntos, o cal permite identificar o volume da lousa e grande parte dos gravados, concretamente os que teñen o suco máis profundo (as liñas que teñen forma de “V”). Realizouse o debuxo en AutoCAD da forma do bloque, as aristas principais e dos gravados que se podían identificar. Ademais, extraéronse todos os perfís do bloque que se consideraron significativos para a representación da súa forma. Para completar a representación dos gravados que non se puideron identificar sobre a nube de puntos (os semicírculos e o serpentiforme), realizouse una rectificación dunha imaxe cos gravados resaltados sobre o modelo da pedra, o cal permitiu completar o debuxo en 3D.

⁵ Neste mesmo volume atópase un artigo (MAÑANA-BORRAZÁS, *et alii*, 2009) onde se comenta en detalle esta ferramenta de rexistro, o Láser Escáner, con varios exemplos de aplicación a outros elementos patrimoniais en Galicia, incluídos varios gravados.




Figura 11. Levantamento frontal do Marco-lousa, seccións.

Fronte a outro tipo de rexistros, destacamos que con esta documentación xeométrica de detalle obtemos a forma da lousa e dos gravados en 3D, relacionándose ambas facetas da información (forma da pedra e gravados) e sen que o resultado gráfico do rexistro dos gravados se vexa deformado polo feito de que a superficie sobre a que se atopan sexa irregular. Cremos que este feito permite unha representación con maior precisión e adecuación á realidade que a que se obtén con outros métodos, como o calco ou a fotografía.

Como acabamos de ver, o sistema de rexistro tridimensional por medio do láser escáner é unha ferramenta de moita utilidade que se está a implantar cada vez con máis forza no rexistro de elementos arqueolóxicos, sendo especialmente interesante para os gravados. Hai outros tipos de escáner que alcanzan maior precisión e densidade na captura de datos (como os escáneres de luz estruturada) nos que a identificación dos gravados está máis asegurada, pero este exemplo serviunos para identificar os límites e as posibilidades deste tipo de láser escáner terrestre ante un elemento con gravados. Como calquera procedemento de rexistro, o habitual para un resultado aceptable é combinar máis dunha ferramenta ou técnica. Neste caso consideramos necesario realizar, ademais do escaneado, un calco sobre plástico xa que esta técnica é a empregada nas últimas décadas para a reprodución de gravados, mentres que a documentación xeométrica con láser escáner está en fase inicial de explotación, polo tanto unha comparativa de resultados pódenos aportar datos prácticos sobre a utilidade dun e doutro método. Unha das conclusións principais

ás que chegamos neste caso é que ambos tipos de rexistro son compatibles e sobre todo, complementarios, apoiando un a información que se pode extraer co outro. De feito, a realización do calco permite unha mellor identificación dos gravados pero non se obtén un rexistro tridimensional e defórmanse o aspecto dos gravados, mentres que o co láser escáner obtense un levantamento de gran precisión de detalle principalmente do volume 3D da pedra e tamén dalgúns gravados.

5. VALORACIÓN DAS LOUSAS GRAVADAS E O SEU ESTADO PATRI-MONIAL

Galicia é un dos lugares da Península Ibérica nos que a arte megalítica se manifesta dunha maneira máis senlleira, sendo un dos focos tradicionais deste tipo de manifestación cultural. Dun xeito moi xeral, denomínase arte megalítica sobre todo á decoración parietal feita con pintura e/ou gravados vinculada ás cámaras e corredores das tumbas; pero tamén se pode chegar a incluír a decoración das pedras fincadas, menhires, lousas antropomorfas, estelas, idoliños, etc.

Polo tanto, diferenciase entre dous tipos de técnicas distintas, o gravado e pintura, non porque sexan algo oposto ou aparezan en contextos diferentes senón porque se elaboran de forma distinta. Segundo F. CARRERA, (2006:75) trátase de dous feitos culturais que non están diferenciados sendo unha “acción paralela tanto no espazo como no tempo diante de impulsos rituais e simbólicos semellantes”. Incluso pode ser que as manifestacións que hoxe percibimos como gravado, no seu momento inclúsen pintura para ser máis visibles, coma puido ocorrer nos casos que aquí presentamos, aínda que non identificamos presenza de pinturas nelas. Este mesmo autor (CARRERA, 2006: 67) contabiliza en Galicia corenta e dous monumentos con arte parietal, seis deles con pintura e gravados, vintecatro só con pintura e doce con gravado exclusivamente, unha porcentaxe moi pequena en relación cos xacementos megalíticos documentados en Galicia, pero de seguro que aumentará coa localización de novos achados (coma este), con escavacións que saquen á luz restos soterrados e coa publicación destas intervencións e achados. Ademais, tamén se atopan decorados varios menhires coma *Lapa de Gargantáns* (PEÑA, 1985), *Pedra Chantada* (BAÑOS, 1996) ou o *menhir de Cristal* (VILLOCH, 1998a), nos que destaca como motivo principal o gravado de cazoletas. Tamén se atopan decorados algunhas lousas antropomorfas e os chamados idoliños, etc., dos que falaremos máis adiante.

Centrándonos nas técnicas de gravado da arte parietal megalítica, estas son distintas segundo o tipo de soporte e as súas características de dureza, textura e

composición (CARRERA, 2006). O *Piqueteado* é a técnica máis empregada por ser a máis indicada para rochas granudas; empregaríase para realizar esta técnica un percutor duro (cuarzo, cuarcita) co que se piqueteaba liñalmente para ir debuxando o suco. Esta técnica é tamén empregada nos gravados ao aire libre de Galicia, cuxo soporte é na práctica maioría dos casos o granito. A *incisión* é unha técnica restrinxida a aqueles tipos de pedra coma a caliza ou xisto que se caracterizan por ser non granudas e de textura fina, sendo unha técnica imposible de empregar en pedras de tipo granudo. En canto á *abrasión*, segundo algúns autores (CARRERA, 2006) a *abrasión* directa non é moi empregada pero outros (BAPTISTA, 1997) propoñen un traballo de abrasión para preparar a superficie antes de realizar os gravados ou incluso despois do traballo de piqueteado da figura nos casos en que as superficies son moi rugosas. Esta última opción xunto coa dun pintado previo ao un traballo de piqueteado son propostos por A. M. BAPTISTA, (1997:209) para dous esteos da mámoa de Portela do Pau (Melgaço).

Como noutros casos, a extensión dos gravados e a técnica nos esteos de *Fonte Tourón* están condicionadas polo tipo de pedra⁶. O soporte é granito de gran medio no caso da rocha do Marco-lousa e medio-fino na rocha tombada. Probablemente ámbalas rochas están gravadas mediante a técnica de piqueteado, xa que nalgúns puntos se pode apreciar a pegada do impacto do percutor. Non podemos descartar a posibilidade de abrasión nos sucos ou incluso no bloque, pois este último parecer ter sido preparado, previa realización dos gravados, xa que hai zonas que foron rebaxadas para facilitar a configuración da composición, ao igual que ocorre noutras laxes megalíticas decoradas (BALBÍN e BUENO, 1996: 494).

Os motivos máis habituais presentes na arte megalítica galega son os xeométricos, coma ondulados, as liñas rectas, os círculos, semicírculos, cazoletas, triángulos, os zig-zag, etc. aínda que tamén se poden atopar representacións figurativas, como os antropomorfos, cuadrúpedes, serpentiformes, heliomorfos, e outros motivos con difícil relación coa realidade, como “the thing” (SHEE, 1981) ou a “pele esticada” que teñen interpretacións máis diversas⁷.

A comarca do Deza, onde se emprazan estas lousas, é unha zona de Galicia cunha gran riqueza de restos megalíticos e onde ademais se concentran evidencias

⁶ Prefírese as rochas brandas e de textura fina. Unha grande porcentaxe dos gravados ao aire libre atópanse en granito de textura fina ou media, tamén se empregan outras rochas máis brandas como xisto pero de maneira moi limitada.

⁷ Por exemplo, “the thing” interpretase dende coma a representación de obxectos (un machado, unha xerra) ata máis recentemente, coma unha balea (WHITTLE, 2000 para a Bretaña francesa) ou un cachalote (CASSEN e VAQUERO, 2003 para a Bretaña francesa e o NW da Península Ibérica).

de arte megalítico, con cámaras con pinturas e gravados (FÁBREGAS e VILASECO, 2002). Destacamos *Parada de Alperiz* ou *Mámoa da Cruz* (Alperiz, Lalín) (BOUZA, 1953; PENEDO, 1995; SHEE, 1981; SOBRINO e MARTÍNEZ, 1957) na que predominan os gravados de ondulados; a *mámoa da Braña* (Refoxos, Silleda) con gravados de ondulados e un heliomorfo (CARBALLO e VÁZQUEZ, 1984), motivos que se repiten en *O Marco de O Camballón* (Oirós, Vila de Cruces) (RODRÍGUEZ, 1979: 108); *As Namelas 2* e *As Namelas 3* (Axiaz, Agolada), o primeiro con ondulados e o segundo onde se identifica un antropomorfo gravado (ambas en FÁBREGAS e PENEDO, 2001 e FÁBREGAS e VILASECO, 2002); *Chaira do Medio* (Axiaz, Agolada) (FÁBREGAS e PENEDO, 1995) que ten representado un motivo que, estes autores denominan rectangular segmentado e que está formado por dúas liñas paralelas de maior tamaño e oito liñas transversais e gravadas mediante piqueteado; *Coto dos Mouros* (Rodeiro) cunha representación pintada dunha “pele esticada” e zig-zag (FÁBREGAS e VILASECO, 2002 e 2006) e *Monte dos Marxos* (Rodeiro) con gravados de ondulados e pintura con liñas onduladas e zig-zag (FÁBREGAS e VILASECO, 2002; CARRERA, 2006), ambas pinturas datadas e na que os autores identifican un posible repintado (CARRERA e FÁBREGAS, 2006; STEELMAN, et al 2005) e por rematar, as referidas como *mámoa 1 de Monte do Rachado* (Pedroso, Rodeiro) con motivos gravados abstractos, e *mámoa da Bouza* (Asperelo, Rodeiro) con gravados con forma onduladas (ambas en FÁBREGAS et alii, 2004: 51).

Nas lousas achadas en *Fonte Tourón* reproducense estes motivos propios da arte megalítica, polo que, a pesar de atoparse descontextualizadas, permite establecer a hipótese dunha orixe megalítica destas pezas.

No esteo que se atopa tombado, aparecen numerosos ondulados de diversos tamaños. Os gravados cobren case totalmente unha metade do soporte. Segundo F. CARRERA, (2006: 75), na maior parte dos casos, o gravado manifestase de forma local, limitándose a algúns lugares do soporte, pero naquelas ocasións en que o gravado se presenta na maioría dos esteos, ten un carácter cubrinte e xeneralizado, coma neste caso.

Destaca a composición decorativa que presenta o esteo que se atopa fincado, o Marco-lousa. Os sucros paralelos en “V” e a presenza duns semicírculos coma colgando deste grupo figurativo, parecen representar uns ombreiros ou un roupaxe sobre o ombros e o peito, asemellando polo tanto que estamos ante unha lousa antropomorfa. Neste caso non podemos saber se os gravados ocupaban a totalidade da mesma ou se estaban limitados a un lugar concreto, xa que o soporte aparece roto.

O Marco-lousa ten un tipo de organización decorativa semellante aos chamados “ídolos” ou cantos ou croios con formas antropomorfas que se atopan nalgúns megalitos galegos (Dombate, Parxubeira, Cova da Moura-Argalo, etc., en concreto o tipo II de R. FÁBREGA, 1993), nos que unhas escotaduras no terzo superior dun bloque rectangular definen o que serían os ombreiros dunha figura humana. É un esquema similar tamén aos ídolos-placa do S peninsular, nos que abundan os casos nos que unhas liñas en “V” no terzo superior da peza marcan as formas principais da figura humana.

Pero tamén se atopan paralelos deste tipo de decoración en soportes de maior tamaño. En Galicia, coñécense algunhas estatuas-menhir e lousas antropomorfas⁸, como a de *Os Campiños*, definida basicamente por unha serie de sucos horizontais e verticais distribuídos polo contorno da peza (FUENTES e FÁBREGA, 1994), ou o *Marco Pedrón* (VILLOCH, 1998b), cun suco que rodea toda a lousa, ambas formando parte dos esteos dunha cámara, ou a *Estela de Poio* (GIMEN, 1990), que ten nunha das súas caras unhas liñas onduladas e outras rectas que conforman un corpo rectangular e aspecto antropomorfo e que foi reempregada nunha tumba medieval. No caso do Marco-lousa, só se atopa gravada unha cara do bloque, polo que estaríamos ante unha lousa antropomorfa. Estas lousas con decoración antropomorfa en principio asócianse a un uso similar ao dunha estatua exenta ou un menhir, que nalgúns casos, reempregaríase para formar parte da cámara, como así o propoñen, por exemplo, C.T. LE ROUX, (1985 e 2003) na Bretaña francesa, F. FUENTES e R. FÁBREGAS (1994) para o caso de *Os Campiños*, R. BALBÍN e P. BUENO, (1996) en *Soto*, no SW da Península Ibérica ou M.V. GOMES, (1994) en Portugal. Podería ser que este Marco-lousa sufrira un percorrido semellante e primeiro funcionara exento, logo formara parte dunha cámara antes de voltar agora a exhibirse exenta. Un factor que pode estar a favor de que esta decoración se fixera en relación directa coa cámara e non antes é que a decoración só ocupa unha das caras da mesma. Con todo, atopamos exemplos dabondo no que a arte megalítica cubre ambas caras maiores e outras zonas ocultas á vista que non fan deste feito unha certeza.

⁸ Denomínanse “estatua-menhir” cando a representación no bloque é tridimensional e “estelas antropomorfas” cando as representacións ocupan unha soa cara (en BUENO 1990: 87-88 citando a D’ANNA, 1977). No noso caso e seguindo a V. VILLOCH, (1998b), preferimos o termo “lousa antropomorfa” a “estela antropomorfa”, xa que o termo estela é máis propio para as pezas que por si soas xa constitúen unha estrutura funeraria, coma, por exemplo, a estela que marca o espazo central do túmulo 3 de San Cosme (CRIADO e MAÑANA, 2003), e en Galicia, moitas das que se denominan estelas antropomorfas, no momento da súa documentación formaban parte dunha cámara.

Hai que destacar que neste esteo se atopa ademais un motivo serpentiforme. Teñen identificado a asociación entre os motivos antropomorfos – serpentiformes (BUENO e BALBÍN, 1995, 2000), e o feito de que, moi probablemente a decoración principal estea representando un antropomorfo permite albiscar que esta relación é reproducida neste Marco-lousa de Tourón.

Para rematar, imos facer referencia ao estado patrimonial deste novos elementos documentados. Polo xeral, o estado de conservación dos monumentos megalíticos na comarca do Deza non é bo, existe unha alta porcentaxe de monumentos gravemente alterados e incluso destruídos, sendo varias as cámaras con arte destruídas (FÁBREGAS e VILASECO, 2002; FÁBREGAS, et al 2004). O conxunto megalítico de Fonte Tourón reflicte esta situación, sendo a afección máis grave o desmantelamento dunha das mámoas, da que proceden as lousas que aquí se describen. Esta afección debeuse á realización de labores agrícolas, o que tamén afecta as outras mámoas aínda que en menor medida.

Outra posible causa de afección sobre o patrimonio son tanto as obras como as infraestruturas. Dentro do traballo arqueolóxico no que se localizaron estes restos, o impacto que a liña de media tensión ía provocar sobre estas entidades foi avaliado como crítico (en xullo de 2005 foi emitido un *Avance de Informe* cos primeiros resultados do traballo realizado). O LPPP propón como medida correctora o establecemento dun área de exclusión dun mínimo de 50 m de radio en torno á entidade e, consecuentemente, o traslado dos apoios máis próximos e do tendido uns metros cara ao NW, quedando completamente excluída calquera tipo de acción de obra neste area. Á vista dos resultados, a empresa promotora acorda facer unha modificación do proxecto de xeito que o tendido afastouse até 76 metros deste xacemento. O impacto que as obras de construción do proxecto poderían provocar entón sobre a entidade reduciuse a un tipo severo, tendo en conta a distancia ao tendido, a ausencia de elementos de protección no entorno da entidade e a súa grande vulnerabilidade. A afección a os outros elementos arqueolóxicos que se atopan nunha marxe de 200 m da obra é menor, diagnosticándose impactos compatibles para a *Mámoa de Costa de Casares* e o *Camiño Real de Campo do Mato*, mentras que á *Mámoa de Costa do Cruceiro*, a máis de 200 m da obra, considerouse que non existe impacto e que o proxecto non afecta á entidade. O resto de conxuntos tumulares citados neste artigo atópanse a máis de 200 m, a maioría a varios kilómetros desta obra.

Propuxéronse unhas medidas de protección para executar durante a obra, nas que se definiron como cautelas o establecemento de áreas de exclusión en torno aos xacementos, quedando excluída calquera tipo de acción de obra, tránsito de maquinaria ou transporte de materiais nesas áreas indicadas. Ademais, como

cautela preventiva, estableceuse o control arqueolóxico exhaustivo das obras levadas a cabo nun radio de 200 m establecidos pola normativa legal en torno aos xacementos, especialmente daquelas que impliquen remocións dos terreos.

Con todo, aínda que a salvagarda destes elementos estea prevista no transcurso da obra, as lousas con arte megalítico que aquí presentamos son elementos moi fráxiles, xa están descontextualizados, sen un túmulo que os protexa e, neste momento, están exentos e son portátiles, atopándose nunha situación máis perigosa os fragmentos dos chantos máis pequenos e o que se atopa a ras de chan. Quizais, o que actualmente ten a función de marco de delimitación poida sobrevivir no sitio máis tempo, precisamente por estar funcionando coma parte dun lindeiro, pero todas estas lousas corren un serio perigo de desaparecer totalmente.

É a fragilidade e singularidade destes elementos patrimoniais, lousas con arte megalítico (unha delas quizais unha lousa antropomorfa), o que motivou este traballo e o esforzo adicional que se suma ao rexistro máis habitual no contexto da arqueoloxía de xestión.

BIBLIOGRAFÍA

- BOUZA BREY, F. 1953. “Dólmenes con gravados serpentiformes y hacha y rompecabezas nórdicos de la Galicia central”. *Archivo español de Arqueología*, XXVI (87): 143-153. Madrid.
- BALBÍN BEHRMANN, R.; BUENO RAMÍREZ, P. 1996. “Soto, un ejemplo de arte megalítico al Suroeste de la Península”. En Moure Romanillo, A. (ed.). *“El hombre fósil” 80 años después: volumen conmemorativo del 50 aniversario de la muerte de Hugo Obermaier*: 467-505. Santander: Universidad de Cantabria.
- BAPTISTA, A.M. 1997. “Arte Megalítica no planalto de Castro Leboeiro (Melgaço, Portugal e Ourense, Galiza)”. En *Actas III Coloquio Internacional de Arte Megalítico. Brigantium*, 10: 191-216. A Coruña.
- BUENO RAMÍREZ, P.; BALBÍN BEHRMANN, R. 1995. “La graphie du serpent dans la culture mégalithique péninsulaire”. Représentations de plein air et représentations dolméniques. *L'Anthropologie*, 99 (2-3): 357-81. Paris.
- BUENO RAMÍREZ, P.; BALBÍN BEHRMANN, R. 2000. “Arte megalítico versus megalitismo: origen del sistema decorativo megalítico. En Gonçalves, V. S. (ed.). *Muitas antas, pouca gente?*”. *Actas do I Colóquio Internacional sobre Megalitismo* (Reguengos de Monsaraz, outubro de 1996), 283-302. Lisboa: IPA.
- CABREJAS DOMÍNGUEZ, E. 2005. “*LMT 20K Lamas II- Lamas I- LAL 809 (concellos de Lalín e Agolada, Pontevedra)*”. *Estudio de Impacto sobre el Patrimonio Cultural*. Memoria Técnica Inédita. Depositada no Servizo de Arqueoloxía da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. LPPP: Santiago de Compostela.
- CARBALLO, L.X.; VÁZQUEZ VARELA, J.M. 1984. “Nuevos hallazgos de arte megalítico en la provincia de Pontevedra: a mámoa da Braña”. *Gallaecia*, 7-8: 245-59. Santiago de Compostela.
- CARRERA RAMÍREZ, F. 1996-1997. “Ficha para la diagnosis del estado de conservación de los petroglifos gallegos”. *Revista do Museo Municipal “Quiñónes de Leon”*, 9-10:91-108.
- CARRERA RAMÍREZ, F. 2006. “Arte parietal del área noroccidental peninsular: conocimiento y conservación”. En F. Carrera Ramírez e R. Fábregas Valcarce (coord.). *Arte parietal en el noroeste peninsular: conocimiento y conservación*: 61-152. Santiago de Compostela:Tórculo Edicións.
- CASSEN, S.; VAQUERO LASTRES, J. 2003. “Cosas fabulosas. En Gonçalves, V. S. (ed.). *Muitas antas, pouca gente?. Origens, espaços e contextos do Megalitismo*”. *Actas do II Colóquio Internacional sobre Megalitismo* (Reguengos de Monsaraz, maio de 2000): 449- 508. Lisboa: IPA.
- CRIADO BOADO, F.; MAÑANA BORRAZÁS, P. 2003. “Arquitectura como materialización de un concepto. La especialidad Megalítica”. *Arqueología de la Arquitectura*, 2: 103-111. Vitoria.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. 1993. “Las representaciones de bulto redondo en el megalitismo del noroeste”. *Trabajos de Prehistoria*, 50: 87-101. Madrid.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; GÓMEZ FERNÁNDEZ, A.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; VILASECO VÁZQUEZ, X.I. 2004. “O megalitismo da comarca do Deza: resultados e perspectivas”. *Descubriendo: anuario de estudos de investigación de Deza*, 6: 41-53. Lalín.
- FÁBREGAS VALCARCEL, R.; PENEDO, R. 1995. “Ortostato grabado de Agolada (Pontevedra): un nuevo motivo en el arte megalítico del NW Peninsular”. *Trabalhos de Antropología e Etimologia*, 35 (1): 63-70.

- FÁBREGAS VALCARCEL, R., PENEDO, R. 2001. "Antropomorfo grabado en un túmulo megalítico de Agolada (Pontevedra)". *Gallaecia*, 20:97-105.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; VILASECO VÁZQUEZ, X.I. 2002. "O Megalitismo na comarca de Deza, un proxecto para a conservación do patrimonio arqueolóxico inmovible". *Descubriendo: anuario de estudos de investigación de Deza*, 4: 107-26. Lalín
- FÁBREGAS VALCARCEL, R.; VILASECO, I. 2006. "En torno al megalitismo gallego". En F. Carrera Ramírez y R. Fábregas Valcarce (coord.). *Arte parietal en el noroeste peninsular: conocimiento y conservación*: 11-37. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- FUENTE ANDRÉS, F.; FÁBREGAS VALCARCE, R. 1994. "La laja decorada de Os Campiños". En *Actas do Seminário "O Megalitismo no Centro de Portugal: novos dados, problemática e relações com outras áreas peninsulares"* (Mangualde, Nov. 1992), II: 305-310. Viseu: Centro de Estudos Pré-históricos da Beira Alta.
- GIMENO GARCÍA-LOMAS, R. 1990. "Estela de Poio. Galicia no tempo: 104-105". Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- GOMES, M.V. 1994. "Menires e cromeleques no complexo cultural megalítico português: trabalhos recentes e estado da questão". En *Actas do Seminário "O Megalitismo no Centro de Portugal: novos dados, problemática e relações com outras áreas peninsulares"* (Mangualde, Nov. 1992): 317-42. Viseu: Centro de Estudos Pré-históricos da Beira Alta.
- LE ROUX, C.T. 1985. "New excavation at Gavrinis". *Antiquity*, 59 (227): 183-87. York.
- LE ROUX, C.T. 2003. "Les menhirs d'Armorique: leur place dans la vue des hommes du Néolithique". En Gonçalves, V. S. (ed.). *Muitas antas, pouca gente?. Origens, espaços e contextos do Megalitismo*. Actas do II Colóquio Internacional sobre Megalitismo (Reguengos de Monsaraz, maio de 2000): 371-383. Lisboa: IPA.
- MAÑANA-BORRAZÁS, P.; BLANCO-ROTEA, R.; RODRÍGUEZ PAZ, A. 2009 (e.p.). "La documentación geométrica de elementos patrimoniales con Láser Escáner 3D. La experiencia del LaPa en Galicia". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 122. Santiago de Compostela.
- PENEDO ROMERO, R. 1995. "Escavación arqueológica na mámoa 1 de A Cruz, Alperiz (Lalín, Pontevedra)". *Arqueología / Informes*, 3: 179-82. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ CASAL, A.A. 1979. "O megalitismo na Galiza. A súa problemática e o estado actual da investigación". En *Actas da primeira mesa redonda sobre o neolítico e o calcolítico em Portugal* (Porto, 1978): 103-14. Porto: Grupo de Estudos Arqueológicos do Porto.
- SEOANE VEIGA, Y. 2005. "Metodología de reproducción de grabados rupestres en Galicia: Levantamiento de calcos sobre plástico". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LII (118): 81-115. Santiago de Compostela.
- SEOANE VEIGA, Y. 2009 e.p. "*Propuesta metodológica para el registro del arte rupestre gallego*". CAPA (Cuadernos de Arqueología del Paisaje), 24. LaPa: Santiago de Compostela.
- SHEE TWOHIG, E. 1981. "*The Megalithic Art of Western Europ*". Oxford: Clarendon Press.
- SOBRINO LORENZO- RUZAS. R.; MARTÍNEZ LÓPEZ, J. 1957. "Petroglifos en la comarca de Lalín". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XII (36): 28-52. Santiago de Compostela.

- STEELMAN, K.L.; CARRERA RAMÍREZ, F.; FÁBREGAS VALCARCE, R.; GUILDERSON, T.; ROWE, M.W. 2005. "Direct radiocarbon dating of megalithic paints from north-west Iberia". *Antiquity*, 79 (304): 379-389. York.
- VILLOCH VÁZQUEZ, V. 1998a. "Un nuevo menhir en Cristal". *Gallaecia*, 17: 107-19. Santiago de Compostela.
- VILLOCH VÁZQUEZ, V. 1998b. "Menhires y losas antropomorfas en Galicia". En *Actas do Colóquio "A Pré-História na Beira Interior"* (Tondela, Nov. 1997): 175-87. Viseu: Cámara Municipal de Sabrosa.
- WHITTLE, A. 2000. "Very like a Whale": Menhirs, Motifs and Myths in the Mesolithic – Neolithic Transition of Northwest Europe. *Cambridge Archaeological Journal*, 10 (2): 243-59. Cambridge.

Pódese acceder ás publicacións das autoras e deste Instituto no Repositorio Institucional do CSIC **DIGITAL CSIC** <http://digital.csic.es/> de acceso aberto. Tamén se pode atopar en DIGITAL CSIC as imaxes a cor deste artigo, así coma documentación adicional sobre o sitio.